

# UNHA ANÁLISE DA PAISAXE LINGÜÍSTICA COMPOSTELÁ

## A centralidade da catedral de Santiago de Compostela\*

---

Clara LAGO CAAMAÑO, Irma SILVA HERVELLA, Lidia GÓMEZ MARTÍNEZ

**ABSTRACT** • *An analysis of the Compostelian linguistic landscape. The centrality of the cathedral of Santiago de Compostela.* On the brink of a cultural event with the magnitude of Xacobeo 2021, this article studies the linguistic landscape of the space considered as its epicenter: the Cathedral of Santiago de Compostela and the squares surrounding it. The symbolic role of the temple throughout the centuries allows us to delve into the layers of Compostela's past through the analysis of the marks that the actors in power left in the buildings of its squares. The centrality of the chosen areas forced us to take into consideration the material features of the texts, linked to the symbolic power of their source, as a fundamental piece to analyze the messages of the Compostelian landscape. This linguistic analysis also permits the identification of the actors and processes that currently have an impact on the city such as the religious order, touristification processes, transgressive and activist actions and community dispositions and regulations. The target of the messages (locals, students, travelers, etc.) predetermines the characteristics of the LL that hundreds of people see every day.

**KEYWORDS** • Linguistic Landscape; Santiago de Compostela; Turistification; Sociohistorical change.

### 1. Introduction

Landry e Bourhis (1997) definiron a Paisaxe Lingüística (de agora en diante PL) como o conxunto de textos publicamente visibles (letreiros, carteis, sinais, graffiti, etc.) en calquera lingua escrita elaborados tanto de xeito profesional como improvisados. Actualmente, a PL constitúese como unha liña de investigación de carácter interdisciplinario que emprega diversas metodoloxías e teorías. A exploración dos espazos de PL permite coñecer como os falantes, os actores sociais e as propias comunidades lingüísticas crean, reinventan, negocian e constrúen as súas prácticas e usos nun espazo e nun contexto histórico determinado (Moustaoui Srhir 2019). Así mesmo, a PL como disciplina centra a súa vontade en analizar a construción das relacións sociais mediante os usos lingüísticos no propio espazo, ofrecendo interpretacións sobre as dinámicas de cambio social e o papel da axencia dos falantes nas transformacións sociolingüísticas. A análise da PL permite, igualmente, estudar as sucesivas capas cronolóxicas presentes na paisaxe actual e o rol que xogan

---

\* Este estudo enmárcase no proxecto internacional *Local Perspectives in Iberian Studies*, dirixido por Veronica Orazi.

na configuración semiótica do espazo, xa que é, precisamente este tipo de actividade a que transforma o espazo físico en espazo social (Blommaert 2012). A PL achega logo unha interpretación máis ampla da dimensión lingüístico-comunicativa, social e política da lingua, especialmente das prácticas lingüísticas, no medio (Moustaoui Srhir 2019). Ademais, a análise actual da PL permite, non só facer un diagnóstico da situación sociolingüística contemporánea, senón tamén estudar as capas históricas que se perciben simultaneamente na paisaxe (Blommaert 2012).

No espazo galego, os traballos de PL son relativamente recentes. Entre as publicacións sobre este tema cómpre mencionar o traballo de Dunlevy (2012) –que compara a vila de Cee coa cidade da Coruña–, o de López Docampo (2011) sobre a cidade de Pontevedra, o de Wellings (2018) sobre Santiago ou o de Regueira, López Docampo e Wellings (2013) sobre Santiago de Compostela e Pontevedra. Mais recentemente, Luz Zas Varela e Gabriela Prego Vázquez (2016, 2018) analizaron os efectos da globalización e as migracións na PL na área perirubana de Arteixo desde o punto de vista da superdiversidade.

O aumento no número de visitantes que se vén producindo nos últimos anos outorgoulle ao casco histórico de Santiago de Compostela un maior dinamismo que se percibe tamén na PL. A influencia do turismo chega ás mensaxes institucionais e aos establecementos comerciais, mais tamén reflicte a participación de actores individuais, a través, por exemplo, de adhesivos e pintadas en mobiliario urbano. Ás portas dun destacado acontecemento cultural e relixioso, o Xacobeo 2021, que atraerá aínda máis visitantes, a finalidade deste artigo é, por unha banda, contribuír ao estudo da PL galega en xeral e, por outra, analizar, en particular, a PL do espazo xeográfico que motiva un evento de tal magnitude: a Catedral, que custodia o sartego do Apóstolo Santiago, e as prazas que cercan o templo. Ademais, nesta área urbana de carácter histórico, baixo regulamento estrito de protección, non só atopamos construcións que simbolizan o poder relixioso senón que tamén se emprazan edificios que reúnen o poder político municipal e autonómico (Pazo de Raxoi) así como o intelectual (Pazo de Fonseca); espazos todos que, pola súa significación, acollen cerimonias e reunións sumamente relevantes, tanto de carácter oficial como cívico.

Para isto, contamos cun corpus conformado por 240 fotografías, algunhas das cales conteñen varios textos. As imaxes pertencen tanto ao interior coma ao exterior da Catedral, á Praza do Obradoiro, á Praza de Praterías e á Praza da Quintana (Figura 1); foron tomadas durante o mes de novembro do ano 2018. Fotografáronse, con teléfonos móbiles, todas as mensaxes lingüísticas lexibles, incluíndo abreviaturas e inscricións en esculturas; nos casos nos que os textos non estaban en alfabeto latino empregáronse aplicacións de recoñecemento de texto para identificar tanto as linguas coma a intención das mensaxes. Non se tiveron en conta os elementos que conformarían a coñecida como PL móbil (textos emprazados en vehículos, en papeis tirados polo chan ou nas vestimentas dos transeúntes) así como tampouco as mensaxes do interior dos establecementos comerciais que non fosen visibles desde a rúa.



Figura 1: Espazo estudado

## 2. Contextualización do espazo obxecto de estudo

Nunha extensión de 223 km<sup>2</sup> o concello de Santiago de Compostela alberga non só a súa área monumental ou o propio núcleo urbano senón tamén 29 parroquias rurais. Os datos máis recentes (IGE 2018) indican que o padrón municipal rexistra 96.405 residentes que, segundo a páxina web do propio concello, serían en realidade máis de cento vinte mil, xa que 30.000, aproximadamente, serían estudantes da Universidade de Santiago de Compostela. O propio Instituto Galego de Estatística ofrece a cifra de alumnado matriculado nesta universidade no ano 2018, 61.535, aínda que non é posible coñecer cales pertencen ao campus de Santiago de Compostela (que aglutina segundo a páxina web da USC o 70.97% dos centros docentes) e cales ao de Lugo.

No ano 1985, a cidade de Santiago de Compostela foi declarada Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO, ao considerar que a súa beleza urbana e a súa integridade monumental se engadían aos profundos ecos da súa significación espiritual como santuario apostólico e destino do máis importante movemento relixioso e cultural da Idade Media: a peregrinación polo Camiño de Santiago. O obxectivo do programa, fundado en 1972 pola Convención para a Cooperación Internacional na Protección da Herdanza Cultural e Natural da Humanidade, é catalogar, preservar e dar a coñecer lugares de importancia cultural ou natural excepcional para a humanidade.

Esta distinción, xunto con outros factores, fai que estea a aumentar cada vez máis o número de turistas que queren coñecer Compostela. Segundo o Instituto Nacional de Estatística, en setembro do ano 2018 visitaron a cidade 87.164 persoas. No mesmo mes do ano 2019 a cifra total de viaxeiros ascendeu ata 95.448. En abril do 2019, os datos de pernoctacións na cidade medraron un 19% respecto de abril do ano anterior e bateron o récord histórico de ocupacións neste mes.

Aínda que as consecuencias do nomeamento se deixaron notar en toda a cidade, este estudo circunscríbese, como xa se indicou, a unha área moi concreta da zona monumental: a Catedral e as prazas que a franquean. Entre estas prazas, cobra especial relevancia a do Obradoiro, que se constitúe como espazo central desde distintas perspectivas. Por unha banda, a área analizada é eixe da cidade de Santiago de Compostela e ten un papel relevante a nivel administrativo na xestión deste concello. Por outra banda, Santiago é a capital da Comunidade e asume funcións que reper-

cuten en toda Galicia. A esta centralidade administrativa súmase o papel simbólico da Catedral e da Praza do Obradoiro, que acollen eventos tales como a recepción de personalidades (reis, Papa), o espectáculo de pirotecnia o 25 de xullo (Día Nacional de Galicia e festividade relixiosa do Apóstolo), cerimoniais relixiosas, manifestacións etc. A importancia administrativa e simbólica desta localización levounos a realizar este traballo.

### **3. Análise de datos**

Como se indicou nos apartados anteriores, a cidade de Santiago de Compostela é unha cidade que acolle, temporal ou definitivamente, poboación procedente de moitos outros lugares como traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia, turistas e estudantes. Nós mesmas fomos acolidas hai algúns anos por esta cidade en calidade de estudantes universitarias; é a nosa experiencia en Compostela a que, xunto co corpus de fotografías, nos permiten dividir este artigo nos seus subapartados: Santiago histórico, Santiago relixioso, Santiago turístico e Santiago transgresor.

#### **3.1. Santiago histórico**

Abundan neste espazo elementos da PL que derivan do carácter central da área que se estuda e que decidimos agrupar baixo a denominación xeral de Santiago histórico. Sotelo Pérez explica que o patrimonio edificado desta área é resultado das decisións dos grupos sociais que modelaron e ocuparon a cidade; do mesmo xeito, a PL que clasificamos dentro deste apartado é produto dos poderes –cívís e eclesiásticos– que gobernan ou gobernaron Santiago de Compostela. As edificacións que rodean o templo son o exemplo perfecto, pois trátase de construcións luxosas que deixan ver o poderío da Igrexa compostelá durante a Idade Media e Moderna. Aínda que nos propios edificios non hai apenas textos, os nomes que recibían, asociados ao poder eclesiástico que xestionaba a cidade, atópanse recollidos actualmente nos rótulos das rúas e prazas e edificios: así temos os pazos de Xelmírez e Raxoi (relevantes figuras eclesiásticas na historia da cidade) e o colexio de San Xerome, que a pesar de conservaren o nome, asumiron funcionalidades máis administrativas que relixiosas en consonancia cos cambios sociais que experimentou a propia cidade (Sotelo Pérez 2012).

Así, o Pazo de Raxoi, que delimita a Praza do Obradoiro polo oeste, acolle dependencias de administracións públicas de carácter local e autonómico. Sinalando o límite sur da praza, o Pazo de San Xerome acolle o reitorado da Universidade de Santiago de Compostela. Na banda norte atopamos o coñecido como Hostal dos Reis Católicos, concibido polos mesmos monarcas como hospital de peregrinos no século XVI; actualmente é un prestixioso parador nacional, xestionado de maneira pública polo Estado español. Na cara leste da Praza, contiguo á fachada principal da catedral atópase o Pazo de Xelmírez, o único edificio neste contorno que ten certa funcionalidade relixiosa, aínda que quizais sexa actualmente máis cultural, xa que alberga o museo catedralicio. Vemos entón como, co paso dos anos, o poder civil gañou os espazos do relixioso, feito que se ve plasmado na paisaxe e determina as características das mensaxes que nela atopamos.

O solapamento das mensaxes da PL permítenos observar a súa evolución socio-histórica. Actualmente seguen presentes mensaxes doutras épocas, como unha escultura de Cristo crucificado coa inscrición INRI no actual edificio do Concello, aliñada co centro da fachada da Catedral. Os restos dunha época na que non había separación entre o poder civil e o relixioso perduran, aínda que o que ten que ver co poder relixioso está agora maioritariamente dentro da propia Catedral.

Na fachada posterior da Catedral, onde se sitúa a Porta Santa, atopamos outra das prazas máis famosas de Santiago: a Praza da Quintana. En contraposición coa do Obradoiro, lugar no que se emprazaba o poder, a Praza da Quintana constitúe máis ben un espazo conmemorativo,

onde se atopan homenaxes a figuras políticas ou culturais doutros tempos. Así, aínda neste ano 2020 atopamos a placa que homenaxea o Batallón Literario, así como o gravado na pedra na honra de José Antonio Primo de Rivera, fundador da Falange Española (Figura 2). No primeiro dos casos lémbrese, mediante unha placa facilmente visible e coidadosamente ornamentada, o movemento patriótico universitario que xurdiu no marco da guerra da Independencia española (1808-1814). En canto á escritura conmemorativa a Primo de Rivera, ao tratarse dun residuo da época franquista, retiráronse as letras co nome do falanxista e a cruz que as acompañaba como resultado da aplicación da Lei da Memoria Histórica (2007). Estes dous elementos solápanse e dan conta dos cambios históricos en Compostela (Dunlevy 2012), conformando capas de PL mediante información valiosa que debe descifrarse para interpretar de maneira lingüística e semiótica a dimensión histórica do espazo público (Blommaert 2012).



Figura 2: Placa de homenaxe ao batallón literario e marcas da homenaxe a Primo de Rivera

Os cambios sociohistóricos configuran unha PL no centro neuráxico de Santiago de Compostela que conta con varias capas que podemos identificar segundo a súa antigüidade: as mensaxes de corte relixioso serían as máis antigas, seguidas polas conmemoracións a persoeiros políticos ou culturais dos séculos XIX e XX e, finalmente, a capa máis actual, a través de mensaxes institucionais escritas en galego. É dicir, non só a temática das mensaxes sinala o momento no que foron escritas senón tamén a lingua, pois as que figuran en lingua galega son posteriores á aplicación da Lei de Normalización Lingüística (1983), que establece a obrigatoriedade de empregar a lingua propia de Galicia para os poderes públicos. Con todo, cabe destacar que no Colexio de San Xerome, que alberga o reitorado da USC desde a década de 1980, se le “Rectorado”, forma ambigua que pode interpretarse como forma do castelán mais tamén como unha variante galega desactualizada respecto da norma vixente. Así mesmo, no Hostal dos Reis Católicos, aínda que está nomeado de xeito bilingüe, a mensaxe en lingua española está situada por riba da mensaxe en galego e atópase escrita nun tamaño de letra maior. En contra do patrón habitual neste tipo de sinais,

o predominio do español é frecuente nas institucións públicas de carácter estatal, como é o caso da empresa dos Paradores nacionais (Regueira, López Docampo e Wellings 2013).

### 3.2. Santiago relixioso

A tumba do Apóstolo Santiago pode considerarse o elemento motivador da xénese da actual cidade. A catedral que a acubilla converteuse en símbolo histórico e de poder, imprescindible en calquera *souvenir*, converténdose así tamén en imaxe do capital económico que Compostela tira do turismo. É por isto que dentro do que denominamos Santiago histórico conta con apartado propio.

Aínda sacros, os muros interiores do templo conteñen mensaxes que conforman unha PL con identidade propia mais que, como ocorre coas edificacións que cercan a Praza do Obradoiro, dan conta dos cambios históricos e, neste caso concreto, dos distintos lugares e funcións simbólicas que experimentou a Catedral na propia cidade.

Para iniciar a análise da PL da Catedral foi preciso clasificar as mensaxes que nela se atoparon, tomando como criterio o rol exercido. Así, neste espazo distínguense, fundamentalmente, textos solemnes ou relixiosos e textos informativos. A primeira categoría abrangue mensaxes relacionadas coa función espiritual da construción: nomes de santos, simboloxía bíblica, inscricións en esculturas e sartegos, placas conmemorativas etc. (Figura 3). Trátase de textos escritos tanto en latín coma en castelán e é precisamente a lingua na que están escritos a que nos permite datalos, xa que o latín foi a lingua das liturxias católicas ata a celebración do Concilio Vaticano II, entre 1962 e 1965. Así, semella que as mensaxes en latín son anteriores ás escritas en castelán. Porén, non só as mensaxes e as linguas nas que se atopan significan; neste caso tamén adquire importancia o soporte dos textos. Así, as mensaxes escritas nas linguas do poder foron gravadas en materiais acordes como pedra, madeira ou metal.



Figura 3: Texto da categoría solemne

A capa máis antiga da PL do interior da catedral está entón configurada por mensaxes relacionadas coa función relixiosa do templo, que pasaron a un segundo plano ao aumentaren as mensaxes de carácter informativo. Estas vense condicionadas polo tránsito constante de visitantes pero tamén, ou quizais máis, pola transición da propia Catedral, que a pesar de conservar unha forte compoñente relixiosa, se erixiu como punto de referencia cultural e turística.

Esta nova capa da PL está conformada logo por mensaxes máis recentes que teñen por obxectivo informar aos e ás visitantes sobre cuestións prácticas como horarios, normas de conduta, festividades, peticións de donativos etc. (Figura 4). O que caracteriza esta PL máis recente é a diversidade lingüística, xa que os textos adoitan figurar en varias linguas, principalmente en castelán e inglés, aínda que tamén se atopan algúns noutras linguas europeas como francés, alemán ou italiano. A presenza dun maior número de linguas débese, ben seguro, á vontade de chegar a un maior público caracterizado tamén pola diversidade, aspectos ambos ligados co carácter turístico tanto do monumento como da propia cidade.



Figura 4: Información sobre donativos

Antes sinaláronse as características dos soportes das mensaxes en latín e castelán no interior do templo e tamén este elemento permite establecer contrastes entre o que denominamos a PL solemne ou relixiosa, máis antiga, e a informativa. Así, os textos que compoñen esta última atópanse en soportes efémeros e de menor custe como plástico, papel ou incluso en formato dixital. En definitiva, o referente á relixión, e polo tanto o permanente, está elaborado con materiais nobres e difíciles de destruír ou mudar, mentres que o relativo ao turismo se empraza en soportes facilmente mudables ou suprimibles. En relación tamén co tipo de soporte, pode observarse un predominio da PL de carácter informativo, ligado seguramente ao incremento do número de visitantes, máis diversos en canto a procedencia pero tamén en canto aos motivos que os levaron á catedral ou á propia cidade de Santiago de Compostela, cambios que se ven igualmente reflectidos na PL do exterior do templo.

### 3.3. Santiago turístico

A declaración da cidade como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO foi unha das razóns do crecemento do turismo nas últimas décadas. Tanto o Camiño coma a propia Compostela deixaron de ser vistos como meros destinos de peregrinación cristiá, polo que as vertentes culturais e patrimoniais do turismo gañáronlle espazo á vertente relixiosa (Sotelo Pérez 2012).

O anterior apartado dedicouse á PL interior da Catedral, onde se distinguía entre a paisaxe informativa e a solemne ou relixiosa. Esta distinción non é operativa neste novo nivel de análise denominado Santiago turístico, referido xa aos exteriores do templo, onde os límites entre o cultural e turístico e a espiritualidade non son perceptibles, xa que os motivos relixiosos forman parte dos reclamos comerciais para turistas.

Unha pequena parte das mensaxes que conforman esta PL foron emitidas por administracións públicas e conteñen información en inglés para visitantes. Polo demais, a maior parte dos textos

proveñen de emisores privados e sitúanse en tendas e establecementos hostaleiros. Este tipo de mensaxes abundan máis nas prazas situadas nas fachadas laterais do templo, como a Praza das Praterías, ou na posterior, a Praza da Quintana. No espazo exterior que acolle a fachada principal, a Praza do Obradoiro, este tipo de mensaxes son as menos, e só se recollen as do tren turístico e as indicacións do museo catedralicio.

No que aquí se nomea como Santiago turístico, analízase separadamente aquilo que ten relación cos museos e a información cultural dos rótulos comerciais. Así, neste último caso, o castelán é a lingua vehicular dos establecementos comerciais, como xa se observou en traballos posteriores sobre a PL galega (López Docampo 2011, Wellings 2018, Zas Varela & Prego Vázquez 2018). Nestes espazos podemos atopar, a maiores, textos en linguas estranxeiras, así como guías para falantes de distintos idiomas; con todo, as mensaxes máis abundantes son as indicacións breves en inglés que ofertan servizos ou facilidades para o intercambio comercial como métodos de pagamento ou dispoñibilidade de consignas.

O uso da lingua galega, nun contexto privado no que non é operativa a Lei de Normalización Lingüística, queda restrinxido a casos moi puntuais nas xoiarías da Praza de Praterías, nome motivado polos históricos establecementos artesáns dedicados ao traballo da prata, que adquiriron prestixio e chegaron a converterse nun reclamo turístico. É nestes comercios onde aparecen os textos en lingua galega, en forma de selos ou certificacións de calidade emitidos por organismos externos ao establecemento. Outra información como os horarios ou o nome do local atopámola en castelán. En traballos de PL en Galicia (Wellings 2018; Regueira, López Docampo & Wellings 2013; Zas Varela & Prego Vázquez 2018) xa se vén observando que é habitual o uso do galego asociado a valores de calidade, autenticidade e tradición en establecementos artesáns e hostaleiros.

Por último, en canto aos museos, a lingua empregada depende en boa maneira de se a xestión é pública ou privada. Así, no Museo da Catedral a maioría dos textos están escritos en castelán e inglés mentres que no Museo das Peregrinacións, de titularidade autonómica, os textos atopámoslos sempre en galego e só as veces tamén en inglés primeiro e en castelán en segundo lugar.

### **3.4. Santiago transgresor**

Os lugares analizados ata o de agora, ben como espazos históricos ben como espazos turísticos, tiñan como característica definitoria a súa centralidade: como pertencentes á capital de Galicia e como centro da propia capital. Porén, resta por analizar unha parte da PL de carácter periférico. As mensaxes que se inclúen nesta categoría considéranse periféricas porque, dentro do lugar céntrico estudado, atópanse polos canos dos edificios ou nos vidros de comercios privados, en adhesivos no envés de sinais públicos ou pintados sobre elementos do mobiliario urbano, nunca sobre a propia pedra.

Estas mensaxes en galego, periféricas arredor da catedral, son moi numerosas e visibles nalgunhas áreas dos dous campus universitarios de Compostela, lugares cubertos de consignas reivindicativas, cuxa duración é variable (Figuras 5-6). Así, algunhas pintadas están dispoñibles durante meses ou anos, mentres que outras son borradas rapidamente; nestes últimos casos, o máis probable é que en pouco tempo aparecera unha nova pintada por riba da pintura que censura ou simplemente solapa a anterior. En canto ao formato, nos campus abundan os carteis e as pintadas realizadas con spray, moito máis visibles ca os adhesivos do centro histórico. A lingua utilizada nestas protestas é a galega, con predominancia da variedade reintegracionista, visiblemente diferente da norma oficial da RAG e da lingua castelá, é dicir, os emisores fan énfase na diverxencia tanto co galego asociado co poder político coma co castelán que domina no ámbito privado. Susana Barcia e Fernando Ramallo recollen as características habituais dos graffiti en Galicia. Tamén na



ferramenta *Urban Voices*<sup>1</sup> do Observatorio do discurso de EDiSo<sup>2</sup> hai exemplos da PL dos graffiti desta cidade.

Hai, entón, lugares nos que as reivindicacións son abundantes e visibles (os campus) e outros nos que son periféricas e, ao mesmo tempo, os lugares nos que as reivindicacións teñen visibilidade, constitúen a periferia da cidade. Con todo, as mensaxes reivindicativas e transgresoras que constitúen esta vertente da PL semellan rexerse por normas implícitas, entre as que queremos destacar o respecto á pedra no casco histórico. Este pacto implícito mantense especialmente no contorno da catedral, a pesar de que hai pouco se produciron dúas transgresións nestas normas que constituíron eventos excepcionais. No mes de agosto do ano 2018, unha das esculturas da fachada de Praterías amenceu pintada cun deseño que emulaba a maquillaxe do grupo musical *Kiss*. Posteriormente, en marzo de 2019, apareceron na propia catedral e nos arredores pintadas reivindicativas realizadas con spray. Nestes textos, que foron cubertos para que non puideran lerse, mais que foron publicados en prensa, líanse as tres mensaxes seguintes: “Yo no salí de tu costilla, tu saliste de mi coño”; “gritaremos hasta quedarnos sin Vox” e “gillotina borbon”.



Figura 5: Graffiti na Facultade de Filoxía



Figura 6: Adhesivos na Praza de Praterías

<sup>1</sup> Disponible en liña: <<http://www.urbanvoices.net/>>.

<sup>2</sup> Disponible en liña: <<https://edisportal.org/investigacion/observatorio-del-discurso>>.

O emprazamento destes textos, que romperon o pacto de respecto á pedra, provocou reaccións negativas en distintos sectores, incluso desde colectivos sociais que empregan as pintadas en espazos públicos como canle de expresión. Con todo, é preciso considerar as características destas mensaxes para interpretalas dentro da súa categoría. A diferenza do habitual, estes textos están escritos en castelán, con notorios erros ortográficos e en spray negro –fronte ao lila, asociado ao feminismo–. O común é a tematización das pintadas de acordo aos acontecementos ou conmemoracións pertinentes. Porén, neste caso, nunha única noite o contido dos graffitis abarcou unha reivindicación feminista e anticlerical, unha consigna antimonárquica e un ataque ao partido de ultradereita Vox. Outro trazo particular destas pintadas é a ausencia de identificador do colectivo emisor, como é corrente neste tipo de textos. A prensa, sen excepción, condenou as pintadas como ataque ao patrimonio, mais mentres unha parte as atribuíu, tal como parece indicar o seu contido, a colectivos feministas, outra parte interpretounas como obra de grupos de ultradereita, que pretendían con isto polarizar a opinión pública nos días posteriores ao 8 de marzo.

En calquera caso, nesta cidade universitaria e histórica na loita política, na que as reivindicacións forman parte da PL con normalidade e perderon parte do seu carácter transgresor, rompéronse unhas normas que foran respectadas por todos os colectivos que utilizan o espazo público para difundir a súa ideoloxía. Estas mensaxes, que si foron interpretadas como transgresoras, apareceron na prensa de todo o Estado e foron condenadas socialmente.

#### 4. Conclusións

As prazas estudadas do casco histórico de Santiago, especialmente a do Obradoiro, son un espazo central a nivel administrativo, turístico, relixioso e simbólico. Por este motivo funcionou ao longo da historia como espello das ideoloxías dominantes, que deron lugar a unha PL estratificada na que se distinguen capas simultáneas (Blommaert 2012) de procedencia cronolóxica diversa. Aínda que algúns restos doutras épocas son moi visibles, hai capas anteriores que foron borradas da PL, de acordo cos cambios sociais e políticos. Os casos máis significativos son o nome Plaza de España, co que era denominada a Praza do Obradoiro durante a ditadura franquista, e a homenaxe a Primo de Rivera, da que aínda hai pegada.

Máis alá do valor emblemático destes espazos, desde un punto de vista utilitario son só un lugar de paso para estudantes e traballadores, sendo esta unha das razóns que pode explicar a escaseza de PL orientada á vida diaria da cidadanía. Pola contra, os turistas visitan este espazo intencionalmente, polo que boa parte das mensaxes están pensadas para estes destinatarios. A PL da Praza do Obradoiro pode ser comparada á realidade doutro espazo central na cidade galega da Coruña, a praza de María Pita. Aínda que ambos son lugares de especial relevancia en cadansúa urbe, Dunlevy (2012: 59) considera María Pita un lugar de encontro e ocio, e incluso residencia, para os locais da cidade, mentres en Compostela son os turistas os que determinan a dinámica da praza.

O enorme poder simbólico destes espazos convérteos en lugares nos que se manifesta o desafío ao *statu quo*, ao mesmo poder que desde alí se exerce. É por isto que as maiores concentracións a nivel galego rematan diante da catedral, e outras máis reducidas teñen o seu fin nas outras prazas analizadas. Temporalmente, as ideoloxías que habitualmente son periféricas no espazo da cidade, convértense en centrais no tempo que dura a ocupación das prazas. Con todo, a PL que se produce durante estas mobilizacións é efémera, tomar o Obradoiro pode ser interpretado como tomar Galicia, mais esta ocupación é sempre temporal, na pedra só deixan pegada ideoloxías dominantes. Non hai resto na PL destas datas nin conmemoración a estes axentes, só fotografías na prensa e consignas como *Nunca máis* na memoria colectiva.

O escaparate das ideoloxías con poder é a pedra e o Obradoiro, o escaparate das ideoloxías con menos poder son os campus. No seu espazo cada axente ten liberdade para expresarse, mais

a ruptura das normas está penalizada socialmente. Scollon e Scollon (2003) defenderon que a substancia material dun obxecto marca diferenzas no seu significado. Esta afirmación, cando menos na PL desta cidade, é profundamente significativa e eríxese como peza fundamental para a interpretación dos usos lingüísticos en Compostela.

## BIBLIOGRAFÍA

- Barcia, Susana; Ramallo, Fernando (2015), 'Graffiti' y conflicto lingüístico: el paisaje urbano como espacio ideológico, en *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 13, pp. 131-153.
- Blommaert, Jan (2012). *Ethnography, superdiversity and linguistic landscapes: Chronicles of Complexity*. Bristol, Multilingual Matters.
- Dunlevy, Deirdre A. (2012). *Linguistic policy and linguistic choice: a study of the Galician Linguistic landscape*, en Christine Hélot, Monica Barni, Rudi Janssens, Carla Bagna (eds.), *Linguistic Landscapes, Multilingualism and Social Change*. Frankfurt a.M., Peter Lang, pp. 53-68.
- Landry, Rodrigue; Bourhis, R.Y. (1997), *Linguistic landscape and ethnolinguistic vitality: An empirical study*, en *Journal of language and social psychology*, 16, pp. 23-49.
- López Docampo, Miguel (2011), *A paisaxe lingüística: unha análise dun espazo público galego*, en *Cadernos de Lingua*, 33, pp. 5-35.
- Moustaoui Srhir, Adil (2019), *Dos décadas de estudios del Paisaje Lingüístico: enfoques teórico-metodológicos y nuevos desafíos en la investigación*, en *Signo y seña*, 35, pp. 7-28.
- Regueira, Xosé Luís; López Docampo, Miguel; Wellings, Matthew (2013), *El paisaje lingüístico en Galicia*, en *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 21, pp. 39-62.
- Scollon, Ron; Scollon, Suezie W. (2003), *Discourses in place: Language in the material world*, London, Routledge.
- Sotelo Pérez, María (2012), *Turismo y ciudades patrimoniales: estudio de caso, Santiago de Compostela*, en *M+A. Revista Electrónica de Medioambiente*, 12, pp. 62-107, <[https://www.ucm.es/data/cont/media/www/pag-41209/53\\_M\\_A\\_Geografia.pdf](https://www.ucm.es/data/cont/media/www/pag-41209/53_M_A_Geografia.pdf)>.
- Wellings, Matthew (2018), *Un estudo da paisaxe lingüística de Santiago de Compostela*, en *Cadernos de Lingua*, 35, pp. 5-37.
- Zas Varela, Luz; Prego Vázquez, Gabriela (2016), *Las escalas del paisaje lingüístico en los márgenes de la superdiversidad*, en *Ways of seeing, ways of making seen: Visual representations in urban landscapes. Cescontexto-debates*, 15, pp. 6-25.
- Zas Varela, Luz; Prego Vázquez, Gabriela (2018), *A View of Linguistic Landscapes for an Ethical and Critical Education*, en Renée De Palma, Antía Pérez-Caramés (eds.), *Galician Migrations: A Case of Study of Emerging Super-diversity*, Cham, Springer, pp. 249-264.

**CLARA LAGO CAAMAÑO** • She has a degree in Galician Language and Literature from the University of Santiago de Compostela (2018). Her final dissertation examines linguistic change in the Galician verb throughout the 20th century. She has completed her Master's Degree in the same University (2019). Since 2019 she works as a researcher in the edition of Galician materials of the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* in the Instituto da Lingua Galega and she has recently started her PhD on lexical change in apparent time. Her main research lines are variation and linguistic change, and the Galician linguistic landscape.

**E-MAIL** • [claralago.caamano@usc.es](mailto:claralago.caamano@usc.es)

**IRMA SILVA HERVELLA** • She holds a degree in Galician Language and Literature from the Universidade de Santiago de Compostela (2018), obtaining the Graduation Prize and the Final Degree Prize from Comunidade Autónoma de Galicia. She completed her academic formation with the Master en Profesorado at the same University. In 2019 she worked as a support researcher in Instituto da Lingua

Galega, taking part in its last symposium with the communication “Hai moito peixe no mar: denominacións da sardiña pequena en Galiza e Portugal”. Also in 2019, she participated in IV EdiSO International Symposium with a talk about the linguistic landscape of Santiago.

**E-MAIL** • irma.s.hervella@gmail.com

**LIDIA GÓMEZ MARTÍNEZ** • She studied Grao en Lingua e Literatura Españolas and Grao en Lingua e Literatura Galegas at Universidade de Santiago de Compostela. After completing her two degrees she completed her academic formation with the Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada, hosted by Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña and Universidade de Vigo. She now works at the Seminario de Sociolingüística of Real Academia Galega, institution that she represented in I Jornada em Línguas Minoritarias (Universidade de Aveiro) with the communication “Os falantes funcionais de orixe galego: entre a instrumentalización e o cambio lingüístico”.

**E-MAIL** • ligommar@gmail.com